



## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á CANDIDATURA DA CIDADE DE OURENSE COMO SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SUPERVISIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL**

O Goberno español, a través do Real Decreto 209/2022, do 22 de marzo, no que se establece o procedemento para a determinación das sedes físicas das entidades pertencentes ao sector público institucional estatal e se crea a Comisión consultiva para a determinación das sedes, recolle nas súas Disposicións Xerais que, entre outros, *“atenderase a criterios de cohesión social e territorial, á mellora no funcionamento dos servizos públicos, os niveis de desemprego ou á loita contra a despoboamento”*.

Entre as novas entidades previstas, destaca a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), recollida na Lei 2/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, este órgano *“encargarase do desenvolvemento, supervisión e seguimento dos proxectos enmarcados dentro da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, así como aqueles impulsados pola Unión Europea, en particular os relativos ao desenvolvemento normativo sobre intelixencia artificial e os seus posibles usos”*

A Xunta de Galicia decidiu reclamar a localización deste organismo estatal na nosa comunidade, ao ser esta unha das poucas administracións autonómicas que desenvolveu una estratexia propia en materia de intelixencia artificial. Posteriormente, en sesión plenaria extraordinaria da Deputación Provincial de Ourense, celebrada o 27 de maio de 2022, aprobábase, por unanimidade, instar á Xunta de Galicia a reclamar a localización da sede da AESIA na cidade de Ourense.

No contexto galego e estatal, a cidade de Ourense cumpre sobradamente os requisitos para acoller esta axencia e outros organismos análogos, tanto do sector público estatal como da comunidade galega, resultando evidente que a implantación da AESIA e doutros órganos administrativos relevantes en Ourense sería un pulo para a economía e demografía ourensá.

Máis particularmente, Ourense leva anos ligada á tecnoloxía e á innovación a través da Escola Superior de Enxeñería Informática (ESEI), centro de referencia nacional por méritos propios, sendo o primeiro centro de Enxeñería Informática de Galicia en obter o selo de calidade Euro-Inf para a titulación de Graduado/a en Enxeñería Informática, que acredita o cumprimento dos estándares europeos no ámbito e impartindo desde hai anos o Mestrado Universitario en Intelixencia Artificial, de forma conxunta coas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, nun ambicioso programa para a formación de profesionais e emprendedores desta rama de coñecemento. Nesta mesma liña, a recente implantación en Ourense do grao universitario en Intelixencia Artificial, permitiría incrementar as sinerxías económicas e sociais entre a axencia estatal, as administracións públicas, o campus universitario e a sociedade en xeral.



Asemade, a presenza desde hai décadas da ESEI na capital ourensá, propiciou a creación e asentamento de empresas do sector tecnolóxico na propia cidade e nos parques empresariais da área metropolitana, constituíndose sociedades que, en boa parte, acollen os profesionais formados por este centro. Grazas a isto a capital provincial conta cun amplo tecido de profesionais e servizos, que está preparado para recibir e prestar o apoio que precisa a AESIA.

O apoio da Corporación Municipal ao desenvolvemento dos proxectos da IA é público e notorio, sendo unha posibilidade real a cesión das instalacións do Centro “La Molinera” para acoller a propia AESIA. Desta colaboración Concello de Ourense - AESIA xerárase unha simbiose que revertería directamente na cidadanía, na súa forma de relacionarse coa administracións públicas e na prestación de servizos municipais, que serviría de modelo para o resto de cidades.

Igualmente, na actualidade a nosa cidade conta cunha conexión de ferrocarril de alta velocidade que a sitúa a apenas dúas horas da capital do Estado e, proximamente, a menos de media hora da capital da comunidade, estando comunicada de similar forma coas principais urbes galegas e integrada no eixo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Este feito converte a cidade de Ourense no punto xeográfico idóneo para vertebrar a estratexia de intelixencia artificial entre o Estado, a Comunidade Autónoma e as cidades de Galicia, achegando como sede unha cidade de dimensións idóneas para garantir o funcionamento óptimo dun organismo das características da AESIA e dos seus traballadores e traballadoras, pois carece dos problemas que ocasionan as grandes aglomeracións urbanas.

Un dos factores máis relevantes para a instalación destes centros fóra da capital de España - que se leva a cabo no seo dun amplo proceso de descentralización e desconcentración da Administración Xeral do Estado (AXE) impulsado polo Goberno central- é o despoboamento, tal e como recolle a normativa reguladora publicada no Boletín Oficial do Estado. Tal é o caso da cidade de Ourense, que forma parte desa Galicia á que o despoboamento por falta de oportunidades, unida ao problema demográfico colocan nunha situación que hai que afrontar xa, se se quere chegar a tempo para a súa reversión, a través dun compromiso compartido, no que todas as administracións e axentes sociais deben asumir parte da súa responsabilidade.

Desde o Concello de Ourense convocamos o resto de axentes sociais e administracións tanto da cidade como da provincia a sumarse en apoio a esta candidatura. A vindeira designación da sede da AESIA amósase como unha oportunidade que non podemos nin debemos deixar pasar.

Por todo o anterior exposto, a Corporación Municipal do Concello de Ourense reunida en sesión plenaria extraordinaria declara o seu pleno apoio á candidatura da cidade como sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA).